# MARÍA XOSÉ DOMÍNGUEZ

## Pegadas dun compromiso, 2018

Na obra, por medio de fotografías pertencentes ao arquivo familiar da artista, agáchase unha crítica social que cuestiona o que realmente implica o casamento, abordado desde unha perspectiva feminista, que nos convida a cuestionarnos quen somos?

**Sala Pazo de San Marcos**
Orde de visita recomendada: (1) María Xosé Domínguez
(2) Carmen Chacón



**EU... TI...**
**ELAS...**
**NOSOUTRAS**
**NOSOUTRXS**
**EN REDE**

DEPUTACIÓN DE LUGO

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

EU estou TI estás ELAS están NOSOUTRAS estamos NÓS+OUTRXS estamxs EN REDE para conquistar, na diversidade, a plena igualdade. Estamxs, somxs, facemxs, existimxs... As formas verbais non expresan xéneros.

Os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo reclaman a vosa atención para con esta ducia de proxectos, dispares na forma, unívocos no fondo, solidarios coa desigualdade. Voces, xestos, memorias e imaxes que pretender provocar reflexións e chamadas de atención sobre o EU subordinado. Ollo! Un EU que podes ser TI, ELAS, NOSOUTRAS, NÓS+OUTRXS.

**Comisariado: Encarna Lago e Antonio Reigosa**

O que Busco con “Pegadas dun compromiso” é unha crítica, cuestionar o que implica o casamento, abordando o tema desde un punto de vista feminista. Unha crítica que traslado á peza a través das imaxes e dos textos que se proxectan no chan, que convidan o espectador e a min mesma a preguntarnos Quen somos? As mulleres que aparecen nas fotografías pertencen á miña propia familia, unhas estampas que forman parte do arquivo familiar nas que se representan mulleres que viviron diferentes realidades e cuxas imaxes nos expoñen a súa propia realidade individual e intransferible no momento do casamento.







**Contacto**
**mariaxosedominguez@gmail.com**